

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 29 DE ABRIL DE 2013. Nº 4/2013.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.)
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)
D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO (P.P.)
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)
D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)
D^a. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS (PSdeG-PSOE)
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

1.	Aprobación da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.	Resolucións da Alcaldía: dación de conta.....	páx.3
3.	Expediente de modificación de créditos nº 3-P/2013. Crédito extraordinario.....	páx. 5
4.	Moción do PSdeG-PSOE solicitando a comparecencia da Alcaldía en relación ás perceptivas autorizacións a funcionarios de compatibilidade con actividades privadas	páx. 8
5.	Mocións do BNG para a declaración de “persoa non grata” a Deputados/as que aprobaron a quitación das participacións preferentes.....	páx. 10
6.	Moción do PGD en relación ás adxudicacións de contratos administrativos e aos procesos de selección de persoal laboral	páx. 11
7.	Mocións de urxencia:	
	7.1. Moción do PSdeG-PSOE na que se solicita a comparecencia do Concelleiro delegado de deportes no vindeiro Pleno en relación ás obras que se están a facer na piscina.....	páx. 13
	7.2. Moción do grupo de goberno de apoio ás persoas afectadas por participacións preferentes e obrigas subordinadas do Concello de Lalín.....	páx. 14
8.	Rogós e Preguntas.....	páx. 17
	8.1. Rogós	páx. 17
	8.2 Preguntas	páx. 20

=====

Sendo as dez horas do día 29 de abril de 2013, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. José Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2013. De seguido, o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren ás mesmas.

Non habéndoa por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2013, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 3-P/2013. CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 25 de abril de 2013.

Polo grupo de goberno *D. Manuel Gómez Estévez*, edil delegado de Facenda, explicou o expediente de crédito extraordinario por importe de doce mil euros con cargo a unha subvención, xa que non había consignación para elo.

Polo PP, *D^a. M^a José Batán Mouriño* lembrou que o Concello xa aprobou unha regulamentación establecendo axudas para que as empresas se instalen en Lalín, co requisito do previo empadramento en Lalín. Agora tratábase de axudar para que se deran cursos e tivesen axudas na súa constitución.

Sinalou que a tendencia era a de diminución da poboación, porque había menos nacementos e máis defuncións. Antes isto se corría coa emigración que chegaba, pero agora mesmo marchan. Queríase dar un máximo de mil euros a cada empresa de nova creación que teña a súa sede social en Lalín e que se constituán aquí, e dedicar cartos a colectivos con especiais dificultades. Adiantou que as bases reguladoras da concesión de tales axudas se estaban a redactar, e nas mesmas se contemplaría que sería dedicado o dito importe á axuda para os primeiros gastos de constitución da empresa ou seguros. Estas subvencións serían compatibles coas axudas doutras administracións. Habería tamén un modelo de solicitude, e todo faríase baixo o principio de concorrencia competitiva.

En suma se trataba de apostar por axudar á creación e á instalación de novas empresas, e de axudar a que as empresas se instalen en Lalín.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M^a González Aller** afirmou que Lalín tiña problemas como era o paro. Non duran moito os traballos e hai perda de poboación. A poboación emigrante e mesmo os de aquí emigran fora.

Estas axudas que agora se pretenden conceder contrastaban co derroche e cos desmesurados investimentos que se fixeron estes anos en infraestruturas e obras. Comparado cos cartos que se gastaron nestas obras, os doce mil euros non eran nada; basta con dicir que só no Lalín Arena o Concello aportaba preto de oitocentos mil euros ao ano. Por elo volveu a incidir en que a dita cifra era ridícula. Mencionou tamén que a nova piscina presentaba moitos defectos, había que afacer obras. Era unha tomadura de pelo a cifra consignada que se propoñía como aportación municipal para esta idea de fomentar a creación de emprego.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que estaban a favor de que Lalín conservase a primeira categoría coa poboación por enriba dos vinte mil habitantes, porque en caso contrario suporía datos negativos en aportación para o Concello. Sen embargo indicou que o seu grupo antes de apoiar, quería coñecer e ter datos, algo que pediron antes: o balance e os resultados do Plan EMTRA, porque a día de hoxe descoñecían todo. Estaban a prol de que houbera recuperación económica e se aumentase o emprego.

Lembrou que a encuesta do CIS cifrou nun 27% o nivel de desemprego existente no Estado. Diante desta situación de emerxencia, os concellos estaban obrigados facer algo polo emprego nos seus ámbitos, fomentando a contratación de desempregados. Lembrou que nos anos pasados se derrocharon moitos cartos e agora non había para proxectos coma este. De modo que sí, pero con reservas á iniciativa, aínda que era boa. Votarían a favor.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** sinalou que a política do goberno central de austeridade e de efectuar recortes levaba a destrozar e a que desapareza o tecido empresarial. A iniciativa parecíalle boa e positiva, pero insuficiente. Por elo pediu dotar de mais cartos ao programa proposto.

De novo **D^a. M^a José Batán Mouriño** afirmou: “*ogallá non cheguen os cartos*”. Facían falta receitas eficaces diante desta situación de depresión económica. Coidaba que había que facer unha lectura positiva do que se propuña. Sobre o Plan EMTRA dixo que a media anual era de medio millar de euros. O Concello gastaba en políticas activas a favor do emprego. Non se contaba nesas doce mil euros desta idea os programas ou laboratorios experimentais de emprego que desde o Concello se levaban. Lembrou que sobre o Plan EMTRA foron moitos os proxectos presentados desde o ano 2011. Hai un mes se fixo un balance e se deu a cifra e houbo mais de trinta proxectos presentados. Lembrou que había exención de taxas e tamén axudas no ICIO. Buscábase a creación de emprego e niso seguirían.

Interveu de novo **D. Manuel M^a González Aller** afirmando que o discurso parecía o de Sr. *Rajoy*: unha rendición diante da fatalidade. O paro resultaba que agora non baixaría ata dentro de tres anos, cando as promesas electorais ían noutra dirección. Como iniciativa do seu grupo propuxo o aplicar o superávit que había de 400.000 euros da liquidación do orzamento de 2012 a proxectos e programas destinados á creación de emprego dentro do Concello.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** de novo volveu a pedir que o programa municipal para fomentar o emprego aporte máis cartos e sexa máis amplo e completo co que se presentaba. Non era de recibo que só destine doce mil euros a este fin, que darían para dar doce subvencións a doce empresas cada unha de mil euros. Tiña que ir máis alá dese importe, e incluír outras medidas, como obrigar a que a xente por exemplo de Agolada que vive aquí, tamén se empradone.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** reiterou o xa dito. Diante deste panorama de crise

económica, pouco se podía facer. Desde logo esta iniciativa era mellor que nada, pero non había que esquecerse doutras iniciativas e programas que fosen máis efectivos e que aportasen máis fondos. Aínda así, reiterou que había que dotar de máis cartos á partida e dar máis estímulo á economía, porque a medida era insuficiente e pouco realista.

De novo **D^a. M^a José Batán Mouriño** ratificouse no xa dito, adiantando tal e como dixo anteriormente que para levar a cabo esta medida habería que elaborar unhas bases para conceder as axudas, e esperaba que se afinase e se redactasen do mellor modo posible.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo lamentar que o PSOE sempre vexa “o xarro medio baleiro”, e non medio cheo. Agora mesmo o Concello carecía de máis cartos, pero o grupo socialista sempre vía como un estigma todo o que facía o PP; todo era malo e negativo. Coidaba que algunha cousa farían ben. Pediu apoio neste momento tan difícil, porque non había cartos, e conseguir diñeiro era un triunfo.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, **aprobase** o expediente segundo a proposta da Alcaldía do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 3-P/2013 a financiar mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a posta en marcha do “**Programa de axudas municipais para a creación de emprego no Concello de Lalín**”, co obxectivo de favorecer a promoción social dos veciños e veciñas de Lalín a través da mellora da calidade e estabilidade do emprego e a dinamización da actividade económica no municipio, segundo a memoria que se achega a este expediente relativa á implantación do citado programa. Xa que logo o Pleno **acordou**:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
241.470.01	Fomento do Emprego. Programa de axudas municipais para a creación de emprego	12.000,00 €
	TOTAL ALTAS	12.000,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes partidas do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
943.466.01	Transferencias a outras entidades locais	6.000,00
	Cuota anual incorporación Eixo Atlántico	
211.160.00	Pensións. Seguridade Social	6.000,00
	TOTAL BAIXAS	12.000,00 €

Son coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA ALCALDIA EN RELACIÓN ÁS PRECEPTIVAS AUTORIZACIÓNS A FUNCIONARIOS DE COMPATIBILIDADE CON ACTIVIDADES PRIVADAS.

A Presidencia deu conta desta moción do grupo municipal socialista de data 11 de abril de 2013, con entrada municipal o día 15 de abril co número de rexistro 2147. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 25 de abril de 2013.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** explicou a moción. Indicou que na rúa se falaba que había funcionarios que exercían ademais do seu traballo municipal actividades privadas. Era competencia da Alcaldía comprobar que os funcionarios cumprían cos seus deberes e obrigas. Aquí, sucedeu que a raíz da protesta dunha empresa sobre un funcionario en concreto que tramitaba o expediente e que exerce actividades privadas, empezou a tema.

O funcionario en cuestión ten presentada a solicitude de compatibilidade desde o ano 1997, pero aquí non hai silencio administrativo positivo, porque ten que vir aquí a sesión plenaria e non veu. Coidaba que a actitude do grupo de goberno e do Sr. Alcalde nesta área foi de coñecemento do que sucedía e de consentimento. Por iso se pedía que o Sr. Alcalde compareza e responda ás preguntas que se lle formulen.

Había ademais máis funcionarios que realizaban actividades privadas ao marxe do seu traballo, e querían falar disto. Ao parecer segundo a resposta enviada á súa pregunta na anterior sesión, non hai nin concesión nin solicitude doutros funcionarios para exerzan actividades privadas. “*Nós queremos saber todo isto, e por elo pedimos a comparecencia*”, explicou.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo estar de acordo coa petición.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** amosouse disposto a analizar a grave situación actual. Había que ter en conta os efectos e as consecuencia que producía o desemprego, e a elevada taxa de paro. Por iso, por coherencia había que analizar este tema.

Desde o PP, **D. Román Rodríguez González** indicou que todo funcionario público tiña unhas obrigas e uns deberes. O goberno municipal neste tema ofrecía a máxima transparencia e esixía a responsabilidade, no caso de habela. Non se trataba de criminalizar a ninguén, nin de causar danos a ninguén sen ter probas e datos, xa que se podía causar un dano irreparable.

Neste tema había que actuar tamén con seguridade e por iso estaba convocada unha xunta de voceiros, en concreto para tratar este asunto. Nela se verá a información obtida, e estableceranse os pasos a seguir.

“O Sr. Alcalde non comparecerá”, afirmou; non obstante desde o goberno municipal se ofrecerá transparencia e responsabilidade neste tema.

De novo, **D. Manuel María González Aller**, do PSdeG-PSOE, afirmou que lle chocaba esa oferta de transparencia, e sen embargo se negase a comparecer. O grupo de goberno máis que comprometerse, tiña que controlar aos seus funcionarios do Concello. O certo era que houbo esa solicitude dun funcionario, e que tiña outras actividades. Coidaba que o grupo de goberno ten coñecemento destes temas e dalgúns funcionarios que realizan actividades privadas, e non fai nada. Reiterou que non entendía o de ofrecer a máxima transparencia na actividade municipal e logo non comparecer no Pleno.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que o goberno municipal tiña a obriga legal de controlar e de vixiar, como todos os poderes públicos no cumprimento da normativa vixente polos seus funcionarios. Neste caso houbo unha denuncia expresa e se non fora así, non se falaría do tema. Podía haber deixación de funcións e o goberno municipal tapaba estas situacións.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** ratificouse no xa dito. Indicou que non se trataba de denunciar a ninguén, pero si de polo menos dar un toque de atención ao goberno municipal para que aumente o celo e controle este tema dos funcionarios. Tiña que ser o Pleno o que estudase estes temas.

Desde o PP, **D. Román Rodríguez González** lembrou que se iniciaron unhas dilixencias informativas, e o asunto se personalizou na xunta de voceiros. Había que andar con coidado para non facer un dano irreparable. Cada funcionario tiña obrigas e era responsable dos seus actos. Había uns medios municipais limitados para controlar. Referiuse a actividades que eran compatibles, como era por exemplo a docencia na que se podía dar a compatibilidade entre unhas e outras actividades. Pediu prudencia á hora de sacar xuízos paralelos, polo dano que se pode facer ás persoas.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, remitiuse á xunta de voceiros convocada ao efecto para despois desta sesión, e ofreceu desde o goberno municipal, transparencia neste tema.

Por alusións **D. J.A.Cristóbal Fernández Vázquez** indicou que á vista da resposta, o grupo de goberno só lle deixaba á oposición a vía xudicial. Este caso ao que se refería era a punta do iceberg. Finalmente rexeitou as verbas do Sr. Alcalde indicando que xa hai varios anos quedou en reducirlle o soldo e controlar este tema e non fixo nada.

Na moción pedíase a comparecencia da Alcaldía para explicar se hai algún funcionario municipal ao que se lle teña concedida (e estea en vigor) a perceptiva autorización de compatibilidade das súas actividades privadas coas do seu posto de funcionario, se van a adoptar algún tipo de medidas en relación con este tema, o resultado das dilixencias informativas abertas a raíz da denuncia pública antes citada, así como para contestar a todas as preguntas que se lle formulen sobre o mesmo.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG, e un (1) do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia, **rexeitouse** a moción.

5.- MOCIÓN DO BNG PARA A DECLARACIÓN DE “PERSONA NON GRATA” AOS DEPUTADOS/AS QUE APROBARON A QUITACIÓN DAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal nacionalista de data 17 de abril de 2013, con entrada municipal o día 19 de abril co número de rexistro 2247. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 25 de abril de 2013.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** interveu en defensa da moción. Sinalou que coa moción se trataba de amosar o seu rexeitamento ás medidas que o RD 6/2013 supuña no tema das obrigas preferentes e subordinadas, e que para os aforradores supuña unha quita importante. De seguido leu o acordo e a parte dispositiva da moción, insistindo en que se pretendía declarar persoas non gratas aos deputados galegos que votaron a prol das ditas medidas e contra a ratificación a dita norma. O Concello podía facer unha causa común deste tema, como sucedeu nos concellos da zona do Morrazo.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. J. Cristóbal Fernández Vázquez** sinalou que o tema das preferentes e subordinadas era “unha estafa pura e dura”. Ningún dos aforradores que as subscribíu sabía onde se metía. Lembrou que un dos argumentos que habitualmente se empregaba para xustificar a non devolución deses cartos era dicir que os intereses que se abonaban eran superiores aos normais, que se o 7 % ou máis, e que o risco deste produto ía implícito tendo en conta este elevado interese. Isto non era certo. Podía poñer exemplos de preferentes con intereses do dous ou tres por cento que amosaban que o engano aos afectados foi total. Houbo unha información pésima das entidades bancarias. En conxunto o tema era sangrante. Pediu, como reclamaba a plataforma, a devolución íntegra do capital ás persoas afectadas. Tendo en conta a situación e a gravidade do que dicía o Real Decreto aludido e as accións que se levarían a cabo, reclamou unha actitude máis belixerante do Partido Popular neste tema, tendo en conta que cando comezou todo, a súa posición era diferente da actual.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** cualificou o devandito decreto como lamentable e grave. Salióu que os aforradores perderían os seus cartos, e había que defendelos por coherencia, por xustiza e por respecto con actitudes e medidas democráticas. Neste tema avogou por buscar un criterio válido e non posturas oportunistas.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** sinalou que dos dous puntos, un deles era pouco democrático, reprobar o comportamento de dos representantes lexítimos elixidos nas urnas. A moción era xenérica, viña do partido directamente e non do grupo municipal. O tema das preferentes non ten solución. “O país non crece economicamente agora; pero crecerá”, afirmou. O país non caeu na fase de rescate económico por puro milagre. Outros negaron todo isto. Nós en España fomos a remolque do que había e houbo que afrontar. Lembrou que cos afectados houbo reunións e convocouse aos mesmos no Concello. Tamén houbo unha reunión coa Directora Xeral de Comercio; a OMIC funcionou ben. Hoxe non se devolveu o diñeiro do 100% das reclamacións, pero si unha boa porcentaxe das mesmas. Moitas devolucións canalizáronse a través da arbitraje, eido no que a Xunta de Galicia foi pioneira. En Lalín fomos máis rápidos que noutros lugares. Lembrou que cando se emitiron estas obrigas subordinadas e preferentes, o PP nin gobernaba nin autorizou a comercialización destes produtos. Foron outros os que estaban no poder os que non actuaron. Precisou que a decisión da quita non era propia do goberno central, senón que viña imposta pola Unión Europea como condición para sanear estas entidades bancarias. Todos eran partidarios de devolver os cartos porque era un tema de conciencia. A vía xudicial funcionaba lentamente. Hoxe estaban resoltas pola vía da arbitraje unhas 16.000 solicitudes. Non procedía tampouco efectuar unha reclamación conxunta de todos os afectados, intentada pola Fiscalía Xeral do TSXG, senón que tiña que ser unha a unha individualmente; xa que logo xudicialmente non podía haber unha solución xeral. Estaba en contra do acoso aos representantes democráticos do Partido Popular que estaban a producirse nestes días.

De novo polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** cualificou de dobre moral a que presentaba o PP neste tema. Na campaña electoral dicía unha cousa e agora, de cara aos afectados, facía outra. Coidaba que non servía de nada esta posición xa que non solucionaba nada e si acordaba unha quita importante aos afectados. Anticipou que a resposta dos afectados non se detería e logo das accións realizadas, terían outras ata conseguir a completa devolución dos cartos.

Entendía que había que facer causa común neste tema e non botar a culpa de todo isto da quita á Unión Europea e manter a obriga íntegra para a devolución aos interesados.

Na moción pedíase:

1.- Rexeitar as políticas do goberno central contrarias aos intereses de milleiros de familias afectadas polo fraude das participacións preferentes e subordinadas que ven como o PP legaliza o roubo dos seus aforros a través da imposición dunha quita e da imposición dun troco obrigatorio por accións de nula solvencia.

2.- Declarar persoas non gratas no noso concello aos 15 deputados e deputadas do PP de Galiza polas graves consecuencias que o seu apoio incondicional á aprobación de normas que legalizan as quitas ás persoas titulares de participacións preferentes e débeda subordinada lle causan a moitos pequenos aforradores e investidores deste concello e da súa comarca.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG, e un (1) do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia, **rexeitouse** a moción.

6. MOCIÓN DO PGD EN RELACIÓN ÁS ADXUDICACIÓNS DE CONTRATOS ADMINISTRATIVOS E AOS PROCESOS SELECTIVOS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal do PGD de data 15 de abril de 2013, con entrada municipal o día 16 de abril co número de rexistro 2179. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 25 de abril de 2013.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López**, explicou a moción. Tratábase de que a actuación municipal en materia de contratación de obras, servizos e subministros, e tamén a selección do persoal estivese presidida pola transparencia e se puiderase ver o que se facía, agora que estabamos nun momento en que se reclamaba claridade en todo. O último foi a inclusión da Casa Real no proxecto de lei da transparencia.

Había que dar exemplaridade e sobre todo nos concellos, que eran os máis cercanos aos cidadáns. Leu a moción e o que se pedía, reclamando o apoio de todos os grupos para sacala adiante.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** manifestouse a prol da moción. Dáballe “repeluz” o que estaba a pasar a nivel xeral en materia de corrupción. Lembrou que para evitar isto, un arma eficaz era a transparencia de todo o público e hoxe impoñíase en todas as institucións, aludindo á Casa Real, institución na que co Rei cazando elefantes e co caso *Urdangarín* polo medio, parecíalle a casa de “*tócame roque*”. Era unha moción de mínimos a que se debatía e estaban a favor.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** salientou que algunhas das peticións recollidas na moción xa as pedira o seu grupo noutras sesións plenarias anteriores.

Sinalou que seguramente o grupo de goberno rexeitaría a moción dicindo que xa se aplicaba. Coidaba que o número de parados estaba a crecer continuamente. Nesta situación non se debía actuar como ata agora, porque ao mellor os desempregados perdían os cartos e o día vindo a unha oposición coa praza dada. Tamén consideraba de escándalo dar un prazo mínimo para que ninguén se entere das convocatorias de prazas. Avogou por eliminar a discriminación na contratación de obras e servizos e subministros, tal e como se facía agora, cando se consultaba a tres empresas, porque sucedía que ás veces non eran de Lalín, e eran empresas que ninguén coñecía; logo presentaban mal a documentación, quedaban eliminadas, e deixaban o terreo libre para a empresa escollida.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** coincidía en que agora, en tempos de crise económica, política, social, era importante buscar a lexitimidade nas actuacións dos poderes públicos. Pero tamén había un perigo que era a demagogia, e coidaba que moito do que se dicía tiña que ver con isto. Agora cuestionábase todo. Sobre as peticións da moción lembrou que en primeiro lugar nos contratos de investimentos de obras xa se facía o que pedía a moción, porque por enriba de tres mil euros e ata seis mil, segundo as bases de execución do orzamento, consultábase a tres empresas, sen ter obriga, posto que o límite destes procedementos negociados era de dezoito mil euros; en segundo lugar o que se pedía neste apartado, xa se facía; finalmente tamén no referente á publicidade dos procesos de selección de persoal, lembrou que xa se publicaba a convocatoria nun periódico comarcal. Ao mellor viñan máis empresas. Isto contradiciábase co dito anteriormente, porque se criticaba que ás veces se consultase con empresas de fora, e non de aquí; neste punto se quería que se dese toda a publicidade posible, e poderían vir moitas persoas ás prazas.

De novo **D. Camilo Conde López** vía viable todo o que se pedía. E todo era mellorable, neste caso era entendible tamén o que dicía o grupo de goberno sobre o tema e estaba aberto ao diálogo.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que xa que se recoñecía o que se estaba a favor, pediulle ao proponente da moción que a retirase e fose reformulada como se fose un rogo no apartado da sesión de rogos e preguntas.

Despois de producirse o debate o Sr. Concelleiro do PGD, **D. Camilo Conde López** decidiu retirar a moción e indicar á Presidencia que aceptaba que se tramitase coma un rogo, tal e como lle indicou, aspecto este que se recolle no punto 8 da presente acta.

7. MOCIÓNS DE URXENCIA.

7.1. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE NA QUE SE SOLICITA A COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES NO VINDEIRO PLENO EN RELACIÓN ÁS OBRAS QUE SE ESTÁN A FACER NA PISCINA.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción de urxencia presentada polo grupo municipal socialista de data 27 de abril de 2013, con entrada municipal o día 29 de abril co número de rexistro 2410.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. J. Cristóbal Fernández Vázquez** deu lectura á moción e defendeu a mesma. Lembrou que nos pregos de contratación para a construción da antiga piscina construída mediante un convenio entre varios organismos, se indicaban normas para o seu uso e utilización por colectivos e para a práctica deportiva. Durante quince anos esta instalación estivo en uso e acolleu a práctica de competicións deportivas de natación. Foi modélica neste eido. Agora a nova construción fai auga por todos lados; o vaso ten filtracións, e hai problemas de auga nas duchas e noutras partes. A consecuencia era que se quería pechar ao público a instalación

durante o mes de agosto.

Diante desta situación coidaba que alguén terá que dicir o que realmente pasa coa nova piscina que leva en uso varios meses soamente, cunhas obras feitas recentemente rematadas, cun custo importante e que presenta tantos problemas e tantas deficiencias.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a urxencia da mesma.

Seguindo no turno de intervencións, polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** considerou que a utilización desta instalación era importante, porque se trataba de fomentar a práctica de deporte. Ao parecer coas características que tiña a instalación, non se podían realizar competicións oficiais; tanto isto coma as deficiencias cumprían ser aclaradas polo goberno municipal. Votarían a favor.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** sostivo que algo habería que falar desta instalación cando aparecían tantos problemas no uso da mesma polas persoas que a utilizaban e que a necesitaban. Era importante que o concelleiro de deportes explicase o que pasaba con esta instalación.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** referiuse á construción desta instalación e aos pormenores da obras. Recoñecer que había deficiencias nesta piscina nova, e indicou que se estudaría a responsabilidade dos arquitectos e da empresa contratista, Antalsis.S.L. Esperaba o informe da empresa, en fase de elaboración. Había defectos nos rebosadeiros, e había que selalos. O canal de circulación da auga tamén había que arranxalo con impermeabilización.

A piscina de verán estaría aberta pronto e neste tempo se pretendía levar a cabo as obras. Todas estas correccións de deficiencias serán a cargo da empresa. O técnico municipal estará ao corrente e supervisará os traballos. Lembrou que se fixeron xa algúns arranxos na nova piscina como foron os tendentes a evitar a auga nos pasillos e duchas e vestiarios, e coidaba que unha vez que pase o mes de agosto, xa estará lista para o seu uso. As piscinas tiñan que se vaciar unha semana ao ano; no caso de Lalín e por este motivo, o prazo sería dun mes. Reiterou que non custará un só euro ao Concello.

De novo **D. J. Cristóbal Fernández Vázquez** preguntou: ¿Qué obras se farían?, ¿canto custarían?, ¿cando estará pechada? e ¿que novos problemas había?.

Respondeu o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicando que as obras se farían durante o mes de agosto, que se farían varias obras, tamén as de selar os rebosadeiros, e indicou que o Concello tiña intención de comprar máis terreos para dedicalos a aparcamento.

Preguntou de novo **D. J. Cristóbal Fernández Vázquez** se se ía instalar unha escaleira ou os accesos das persoas con mobilidade reducida.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** aludiu ás explicacións pedidas pola oposición dicindo que na piscina vella a escaleira que estaba funcionaba, pero agora a Delegación de Sanidade non permite instalar unha escaleira similar na piscina nova. Se estaba a estudar a opción de colocar unha escaleira que se puidera poñer e quitar para cada uso.

Desde o PSdeG-PSOE, **D^a. Beatriz García Iglesias** indicou que as obras se referían a obras na escaleira construída e non á mecánica.

Outra vez **D. J. Cristóbal Fernández Vázquez** preguntou onde se ían celebrar as competicións deportivas que antes se celebraban na vella piscina. Preguntou tamén polos accesos das persoas con minusvalía.

Finalizaron o debate **D. Xosé Crespo Iglesias e D. José Domínguez Caballero**. Este último indicou que os problemas da piscina eran mínimos para conseguir a homologación e poder así celebrar competicións deportivas, e habería que reducir en tres centímetros a súa lonxitude e ver o tema dos graderíos. O anterior interveniente, **D. J.A. Cristóbal Fedez Vázquez**, sostiña que había máis dificultades que estas para celebrar competicións.

Na moción pedíase a comparecencia no próximo pleno do Sr. Concelleiro de Deportes para explicar a este pleno e a todos os lalinenses que obras se están facendo na piscina, que previsión de obras hai para un futuro inmediato, quen vai a pagar esas todas obras, se dispoñen de licenza municipal, se van a estar ou non supervisadas por técnicos municipais, se está previsto o peche das instalacións nalgún momento e por canto tempo, así como para contestar a aquelas preguntas que sobre o tema se formulen no pleno.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

7.2.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO DE APOIO ÁS PERSOAS AFECTADAS POLAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E OBRIGAS SUBORDINADAS DO CONCELLO DE LALIN.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción de urxencia presentada polo grupo de goberno de data 29 de abril de 2013, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 2409.

Desde o grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González** deu lectura á moción indicando que era idéntica a acordada no Concello de A Estrada, e que foi pactada entre os grupos políticos con acordo cos afectados.

Sobre este tema das preferentes indicou que o sistema de arbitraje funcionou ben e que a meirande parte dos fallos foron favorables aos afectados. Non había posibilidades de presentaren unha única demanda xudicial porque os tribunais dixeron que non, e así o intentou a Fiscalía do TSXG.

O tema das preferentes e subordinadas supuña a ruptura da confianza que sempre houbo entre a entidade bancaria, en especial do director da oficina e os clientes.

Reiterou que o texto desta moción estaba pactado cos afectados.

Explicou que o tema afectaba fundamentalmente á provincia de Pontevedra, aínda que había máis. Non tiña fácil solución clara nin a curto nin a longo prazo. En Lalín había algúns afectados, pero case a maioría estaban na zona do Morrazo, nas Rías Baixas, no Val Miñor, etc.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. J. Cristóbal Fernández Vázquez**, referiuse aos intereses percibidos. Ese argumento se empregaba ás veces para xustificar a non devolución dos cartos. Puxo como exemplo que unha cantidade de sete mil euros en dez anos deu un tres por cento anual de intereses e non tanto como se dixo nun principio.

Resaltou o dano que representaba esta situación para os afectados; había moitos casos graves, coma os que afectaban a persoas que aforraron durante toda a súa vida, para agora atoparse con isto, ata simples aforradores, emigrantes, etc. O problema da moción era que todo o que dicía podía asumirse; sen embargo o Real Decreto que decretaba a quita non aparecía para nada.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** vía a moción como un canto á oportunidade. Lembrou que tamén o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra se colocou unha camiseta similar ás dos preferentistas. Pero o problema estaba nas normas que ditaba o Goberno

Central; o Sr. *Rajoy* lastraba a confianza dos afectados.

Coincidía co anterior voceiro en que a moción recollía unha parte do problema pero gardaba silencio sobre o tema máis importante. Por elo podía cualificarse de oportunista, porque non abordada o tema do RDL que impoñía a quita. A pesar da moción, se o goberno seguía igual, o problema estaría no mesmo lugar. Absteríanse.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** afirmou que había que distinguir entre o que se quere e o que se pode. Era lamentable que no seu momento non se controlase a emisión desta clase de produtos e non se tomasen medidas. Agora había un desfase no tempo porque o dano estaba feito. Absteríase.

De novo **D. Román Rodríguez González** sinalou que a parte dispositiva da moción era exactamente igual que a pactada cos afectados no Concello de A Estrada. Sobre a oportunidade da mesma, sinalou que non era tal a moción, porque xa había outras anteriores na mesma dirección. Volveu resaltar a función importante que supuña a arbitrase en Galicia, fronte a outras Comunidades Autónomas que non fixeron nada. Doutra banda reiterou que a OMIC de Lalín traballou dun xeito efectivo neste eido. En Galicia había unhas dezaseis mil persoas afectadas e boa parte delas xa tiñan resoltas as reclamacións pola vía da arbitrase.

Rematou afirmando que os colectivos de persoas afectadas exercían maior presión nos concellos do PP daquelas que non o eran.

Volveu preguntar **D. J. Cristóbal Fernández Vázquez**: *¿Por que non se di nada na moción do RDL 6/2013?* Para corrixir isto, pediu que na parte dispositiva da moción se introducise un inciso reclamando a derogación da dita norma que se refire ás quitas das obrigas subordinadas e preferentes.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, defendeu a moción, sinalando que o que máis sorprendía da situación actual era ver que ningún dos responsables das entidades bancarias que emitiron estes produtos estaba imputado.

Polo PGD **D. Camilo Conde López**, tamén coincidía en que lle parecía estraño que non se investigase. Dixo que se abstería.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** lembrou que un deputado do PP afirmou que os votantes do PP pagaban os seus préstamos hipotecarios. A xente estaba a pasalo mal por este fraude. Se irritaba porque o problema estaba aí. Os ánimos están exaltados. Recoñeceu que algunha parte que foi a arbitrase resolveu o problema, pero faltaban moitos. Entendía que a política dos gobernos foi a de dividir aos afectados, encamiñándolles a uns pola vía xudicial e a outros pola arbitrase. *“Divide e vencerás”*. O que estaba claro desde o principio era que máis do noventa por cento dos afectados dixeron que era un fraude e como tal había que tratalo. Agora a moitos só lles quedaba a vía da xustiza. Coidaba que a moción quedaba curta e non solucionaríala nada.

Rematou o debate intervindo o voceiro socialista que antes falou para sinalar que non se entendía a diferenza que se daba entre as obrigas preferentes e as subordinadas.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a urxencia da mesma.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dezaioito (18), sendo catorce (14) do PP e catro (4) do PSdeG-PSOE.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: tres (3), sendo dúas (2) do BNG e unha (1) do PGD.

Xa que logo **aprobose** a moción, do seguinte tenor:

Diante da problemática xurdida a nivel estatal coa comercialización das participacións preferentes e subordinadas, nas que un número considerable de persoas, sobre todo pequenos aforradores, foron vítimas do engano a consecuencia dunha mala praxe profesional por parte das entidades bancarias, e malia ser unha problemática que transcende do ámbito competencial municipal, o Concello de Lalín, cando se detectaron no municipio os primeiros casos, estableceu a posta en marcha dun servizo de información e asesoramento para as persoas afectadas a través da Oficina Municipal de Atención ao Consumidor (OMIC).

Deste xeito a OMIC ven dando asesoramento desde xaneiro de 2012 aos/ás veciñas de Lalín e da Comarca de Deza -neste servizo municipal préstase atención a persoas afectadas dos concellos da zona que non teñen Oficina propia como Agolada, Rodeiro e Dozón- os pasos a seguir a través da vía da arbitrase posta en marcha pola Xunta de Galicia. Este sistema posibilitou a resolución favorable de 95 consultas en Lalín e a devolución de 1,8 millóns de euros aos/ás lalinenses afectados/as, segundo os últimos datos da OMIC correspondentes ao mes de xaneiro.

En total na comarca foron 203 as consultas resoltas favorablemente e 3,4 millóns de euros devoltos aos/ás dezás mediante a vía da arbitrase en casos nos que se demostrou que as persoas foron enganadas no proceso de comercialización destes produtos e coas que se rachou o principio de confianza; na maior parte dos casos reintegráronse as cantidades íntegras e incluso nalgúns con intereses.

O servizo municipal da OMIC, que traballou de xeito coordinado co Instituto Galego de Consumo, continúa prestando atención á veciñanza -presencial, telefónica ou por correo electrónico- dándolle apoio e asistencia ás persoas afectadas que son vítimas dunha mala práctica en relación coa comercialización das preferentes e subordinadas tanto de Lalín coma da Comarca daqueles concellos que non contan con Oficina propia como é o caso de Dozón, Agolada e Rodeiro. Neste sentido o Concello de Lalín organizou o pasado mes de xullo unha xornada informativa na que participaron a directora xeral Comercio e a xerente do Instituto Galego de Consumo co fin de asesorar a un bo número de veciños/as de Lalín e da Comarca sobre o procedemento a seguir para recuperar os aforros investidos nestes produtos a través da vía da arbitrase.

Ademais, no Pleno de maio de 2012 aprobouse por unanimidade unha moción de apoio ás persoas afectadas polas participacións preferentes na que se instaba ao Banco de España, á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ás entidades bancarias que operan en Galicia para que promovesen unha solución para a recuperación do investimento realizado polos subscritores de participacións preferentes na comunidade autónoma galega.

O Concello de Lalín arbitrou desde un principio as medidas oportunas posibles dentro do seu ámbito competencial para axudar ás persoas afectadas polas participacións preferentes e subordinadas e seguirá por esta liña, consciente dos graves prexuízos que esta problemática xera entre a cidadanía.

Pese aos avances dados, posto que estamos a falar de que en Lalín e Comarca se levaron a cabo devolucións por importe de 3,4 millóns de euros a través da vía da arbitrase, desde o grupo de Goberno compartimos a preocupación das persoas afectadas por participacións preferentes e subordinadas do Concello de Lalín e por elo o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

1. Pedir á Xunta de Galicia que apoie as reivindicacións das persoas afectadas polas participacións preferentes e obrigas subordinadas, adoptando as medidas necesarias para a recuperación inmediata do 100% dos seus aforros, sen quita de ningún tipo, e que esixa ao FROB

e ao Goberno de España que ditén as resolucións que procedan, acordando a devolución de todas as cantidades depositadas en participacións preferentes ou en obrigas subordinadas dos clientes de NovaGalicia Banco, de xeito inmediato, tendo en conta que tanto o goberno galego coma NovaGalicia Banco recoñeceron publicamente a mala praxe empregada na comercialización destes produtos ás persoas aforradoras.

2. Solicitar á Xunta de Galicia que inste ao Goberno do Estado para que o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) inicien unha campaña de inspección da comercialización de produtos financeiros opacos e complexos entre persoas aforradoras e investidoras minoristas, diferenciadas claramente de inversores profesionais aos que fan dirixidos estes produtos, esixindo no seu caso, a depuración de responsabilidades.

3. Solicitar á Xunta de Galicia a impugnación da Lei 9/2012 de reestruturación e resolución de entidades de crédito.

4. Realizar as xestións ante NovaGalicia Banco para obter toda a información relativa ao número de persoas afectadas, número de solicitudes de arbitraje, número de laudos resoltos favorablemente, así como os cartos retidos en preferentes á veciñanza de Lalín para ter unha información o máis actualizada posible sobre esta problemática.

5. Instar ao Banco de España, ao Ministerio de Economía, ao FROB, á Comisión Europea, á Xunta de Galicia e a NovaGalicia Banco, así como ao resto de entidades financeiras que comercializaron estes produtos, a que a través da arbitraje de consumo se sigan resolvendo todas as reclamacións presentadas en relación á comercialización de participacións preferentes e obrigas subordinadas, á resolución definitiva de todas elas e que se dea contestación a todas as solicitudes presentadas.

8- ROGOS E PREGUNTAS.-

8.1. ROGOS.

Presentados de xeito escrito e cuxo contido se transcribe a continuación:

PSdeG-PSOE:

D^a. Beatriz García Iglesias.

ROGO 1.- A comunidade educativa do CEIP “Manuel Rivero”, e especialmente a súa ANPA, veu denunciando ao longo de todo o curso actual o grave problema para o funcionamento do centro provocado polas filtracións e goteiras que padece o centro, e que xa foran expostas en varias ocasións dende a dirección do centro ante o Concello de Lalín e a Xefatura Territorial da Consellería de Educación, sen conseguir que se acometesen as reparacións necesarias para solventalas.

Esta situación está prexudicando nos días de choiva, como xa se dixo, o normal funcionamento do centro, por canto afecta aos aseos da zona de ensinanza infantil que usan a diario nenos de tres, catro e cinco anos e tamén aulas e zonas de pasillo, e de ningún xeito se pode permitir que esta situación volva a repetirse para o curso que ven.

Despois das presións da ANPA e da denuncia pública, o Alcalde asegurou publicamente que a Consellería acometería ao final deste curso escolar as obras necesarias para eliminar o problema das filtracións no Manuel Rivero, pero a día de hoxe, ninguén da Consellería asumiu publicamente ese compromiso.

Por todo o exposto, fórmase o presente **ROGO** á Alcaldía para que faga as xestións

oportunas ante a Xefatura Territorial para que se comprometa e confirme publicamente o inicio das obras ao remate do presente curso escolar e asegure a súa execución e o arranxo definitivo do problema antes do inicio do vindeiro.

O Sr. Presidente quedou enterado.

PGD:

D. Camilo Conde López.

ROGO 1.- Presentado inicialmente como Moción:

Neste momento no que a desconfianza da cidadanía na actividade política é tan alta, faise necesario máis que nunca que esa actividade política sexa o máis transparente posible. Algo aínda máis importante, se cabe, nos concellos, por seren a administración máis achegada á cidadanía.

Estamos vivindo unha época na que a desafección da cidadanía pola política vai en aumento día a día, desafección provocada e difícil de superar por todas as novas que xurden a cotío sobre os casos de corrupción e malas prácticas, casos que salpican a distintas organizacións políticas e distintas administracións públicas.

¡Chegou o momento de dicir basta! E de unha vez por todas se combatan estas malas prácticas que tanto descualifican a certos políticos e é que a cidadanía demanda medidas exemplares por parte das formacións políticas e demais institucións afectadas, evitando deste xeito a crispación do pobo, e poder empezar a recuperar a confianza perdida.

Recentemente, a Mesa do Parlamento galego rexeitou a admisión a trámite dunha ILP (Iniciativa Lexislativa Popular) presentada por Compromiso por Galicia con medidas concretas para previr a corrupción, e o Partido Popular impediu que o Consello de Contas fiscalice a corrupción municipal, especialmente as concesións e contratacións. Isto demostra claramente que hai organizacións políticas que non teñen un verdadeiro interese en combater a corrupción e que reiteradamente se negan a pasar das palabras aos feitos, e, dende logo, nada disto favorece á diminución desa desafección antes mencionada.

A todo isto hai que engadir as tremendas consecuencias da crise que estamos atravesando e que se resiste a abandonarnos. Entre estas consecuencias están os recortes económicos que están sufrindo os concellos, recortes económicos que fan que cada día sexa máis difícil que sigan prestando os servizos que veñen prestando. Isto fai que sexa especialmente importante que os concellos fagan todo o posible para que as adxudicacións de concesións e de contratos administrativos, de obras, etc., sexan economicamente o máis vantaxosas posibles para o Concello.

Outras das importantísimas consecuencias da crise na que estamos sumidos é o crecente número de persoas e familias en precaria situación económica derivada da escasez de emprego, cada día increméntase o número de familias con todos os seus membros en paro e o número de persoas que xa remataron a prestación por desemprego. Dende as administracións locais débese facer todo o posible para paliar as consecuencias disto, e algo fácil e que non supón gasto para as entidades locais é unha xestión transparente das contratacións de persoal, de xeito que os procedementos de selección de persoal garantan a igualdade de oportunidades de toda a cidadanía. Toda a cidadanía ten dereito a enterarse dos procesos de selección que convoca o seu Concello e a poder presentarse se reúne os requisitos esixidos.

Por todo isto, **ROGA**

1.- Que para todas as adxudicacións de contratos administrativos, de subministro, de obra ou do que sexa, se soliciten cando menos tres propostas.

O Sr. Presidente quedou enterado.

2.- Que se elaboren unhas bases xerais de contratación laboral temporal e se traian a pleno para a súa aprobación, bases nas que se regulen a publicidade e os prazos, os requisitos e méritos, a constitución das comisións ou tribunais de selección e o uso e prazo de validez do listado de persoas resultantes de cada proceso de selección.

O Sr. Presidente quedou enterado.

3.- Mentres non estean vixentes estas bases:

a) Que todos os procesos de selección de persoal laboral temporal se publiciten en todos os taboleiros municipais e na páxina web do Concello.

O Sr. Presidente quedou enterado.

b) Que o prazo de presentación de solicitudes de participación nos procesos de selección de persoal laboral sexa como mínimo de cinco días laborables.

O Sr. Presidente quedou enterado.

ROGO 2.- A poboación actual deste Concello vense reducindo ostensiblemente, sobrepasando nestes momentos por moi poucos, a preocupante cifra dos 20.000 habitantes. Ante a necesidade de promover accións que propicien un maior censo neste Concello, aparte das que se poidan estar desenrolando, mediante o presente **ROGA:**

Que propicien os concertos que sexan precisos cos propietarios de vivendas no rural, promovendo mediante préstamos blandos, a restauración de aquelas non ocupadas, e se faciliten toda clase de permisos legais, sempre que teñan como fin obrigado o alugueiro das mesmas, ás que se debe de engadir un terreo cultivable.

A devolución do préstamo deberá de facerse a través do alugueiro e baixo a responsabilidade avalística do propietario. O aluguer non deberá ser inferior a 200,00 € mensuais e un máximo de 400,00 €, que debe determinarse de acordo co 25% das rendas que perciban os inquilinos.

Supostos:

a) Se estas rendas foran inferiores ao mínimo estipulado, a Concellería de Asuntos Sociais, ou no seu defecto o Concello, debería asumilo durante o tempo que as rendas dos inquilinos non superen os 800,00 € mensuais ou alomenos, completar a renda mínima de 200,00 €.

b) Se estas superasen os 1.600,00 € mensuais, pasarían a pagar os 400,00 € (máximo estipulado). No suposto de rendas superiores a 3.000 €, este límite podería non ser aplicable.

Como consecuencia destas accións evitaríamos que moitos non se foran e outros se sintan atraídos por esta iniciativa.

D. Román Rodríguez González afirmou que en principio non era viable o que se pedía. De todos os xeitos estaban a estudar o que se pedía no dito rogo.

8.2 .- PREGUNTAS.

Presentadas de forma verbal durante a sesión:

D. Manuel M^a González Aller

PREGUNTA.- ¿Por qué non se constrúen as beirarrúas na marxe esquerda da N-120 ó seu paso pola parroquia de Bendoiro, tal e como se dixo o ano pasado? ¿Como está este expediente?

O Sr. Presidente dixo que o Concello pensaba construír estas beirrarúas, pero cando se poida, en función dos medios económicos dispoñibles. Por agora se ían empezar as obras de alcantarillado en Catasós que a Xunta de Galicia adxudicou recentemente e se vería.

D.J.A. Cristóbal Fernández Vázquez

PREGUNTA.- Na parroquia de Bermés, a fonte da Igrexa que está fora e o grifo da fonte do cemiterio parroquial están sen auga porque ao parecer a empresa Espina y Delfín S.L cortouna e instalou un precinto. Quere saber: ¿Está en estudo o pago polo Concello das cantidades que corresponden?. ¿Como vai solucionar este problema o Concello?.

O Sr. Presidente. D. Xosé Crespo Iglesias afirmou que había dez casos en Lalín con este mesmo problema mencionado. A orixe estaba no feito de que no canón hidráulico, a Xunta de Galicia esixía que o pagamento fose a cargo da propiedade dos inmobles. O dono era o bispado de Lugo e non pagaba o canon, claro. Estes casos se estaban a estudar; pero era difícil solucionarlos, porque o Concello no era o dono das Igrexas nin dos Cemiterios e por elo non podía abonar o canon por non ser nin dono nin o usuario. Estábase a estudar.

E, sendo as doce horas e vinteseite minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente